

1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ría de Camariñas. Municipio: Camariñas. Parroquia: Santa María de Xaviña. Extensión: 2,63km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Trátase da parte alta do Rego de Trasteiro, que discorre por unha zona granítica na que a erosión do relevo compartimenta o territorio e favorece a existencia de cabeceiras de pouca entidade e de disposición laberíntica. A meteorización do substrato e a súa erosión e transporte por parte das augas superficiais escavaron unha conca que verte cara á ría de Camariñas, cara ao sur, mentres a escasa distancia desenvólvense as vertentes costeiras que se orientan cara á costa exterior. Mentres nas partes baixas débúxanse nunha sucesión de alveolos con recheo detrítico sobre os que se asenta a rede fluvial, as partes altas están formadas por elevacións con interesante modelado granítico, existindo unha ampla gama de macroformas dómicas e pseudodómicas, mesoformas como torres, grandes bolos e formacións cabeleiras, e microformas como pilas, taffoni e acanaladuras.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Pertencente ao Tardihercínico, esta unidade está formada totalmente por unha granodiorita biotítica en relevos bastante fracturados e denudados. Nas vaguadas e alveolos depositáanse materiais detríticos cuaternarios procedentes da meteorización deste granito, especialmente cara ao sur da unidade, onde o rego de Trasteiro achega ata sedimentos aluviais acumulados no fondo do seu amplo val.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A proximidade ao mar determina unhas condicións climáticas bastante homoxéneas en toda a unidade, caracterizadas por temperaturas suaves e precipitacións moderadas. As medias térmicas anuais están por encima de 15°C (cunha oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C) e as precipitacións entre 1200 mm e 1400 mm acumuladas ao longo do ano, polo que se define así un ambiente climático Cálido e Húmido.

OS SOLOS

A natureza litolóxica do substrato condiciona en grande medida o desenvolvemento dos solos nesta unidade. O dominio dos materiais graníticos deu lugar a solos con granulación areosa, soltos e moi permeables resultado da descomposición do substrato rochoso. En consecuencia abundan os solos pobres e esqueléticos de tipo leptosol lítico con importante presenza de afloramentos. Tan só en pequenas áreas próximas aos cauces e con escasa pendente poden desenvolverse terras máis fértiles e drenadas, especialmente ao sur e en torno ao Rego de Trasteiro.


AS AUGAS

Esta unidade constitúe a conca alta do Rego de Trasteiro. O cauce principal é pouco significativo, e nel verten pequenos regatos cuxas fontes se sitúan no alto do macizo granítico de Traba.

O PATRIMONIO NATURAL

A parte setentrional da unidade atópase incluída no LIC Costa da Morte. Trátase dunha unidade de matogueira e formacións rochosas, polo que os hábitats de interese comunitarios principais son os que fan referencia a estes ambientes. É posible atoparse, potencialmente, cos hábitats 430, Brezais secos europeos, pero tamén cos Brezais húmidos do 4020, Brezais húmidos atlánticos de zonas amornadas de Erica ciliaris e Erica tetralix, nas vaguadas e nos alveolos onde existe asolagamento estacional. Nas zonas altas, nas formacións graníticas, aparecen os hábitats do grupo 82, Pendentes rochosas con vexetación casmofítica, concretamente, o 8220 Pendentes rochosas silíceas con vexetación casmofítica e 8230, Rochedos silíceos con vexetación pioneira do Sedo-Scleranthion ou do Sedo albi-Veronicion dillenii. É posible a aparición de prados hidromorfos nalgúns sectores dos alveolos graníticos máis profundos (hábitats 6420 e 6430).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Entre as coberturas do solo da unidade dominan os montes graníticos con sotobosque típico da matogueira de substitución destas áreas combinadas con plantacións de piñeiros. Estas coberturas conforman o elemento textural máis característico da paisaxe desta unidade. A maior parte da superficie dos montes da unidade non ten actualmente ningún uso productivo, como consecuencia dos incendios que a arrasaron en 2006. Ao longo do val alternanse pequenas masas arbóreas de repoboación para uso forestal, máis densas na parte meridional, pero en xeral a unidade distínguese polas escasas actividades produtivas ás que se consagra o chan.

MORFOLOXÍA

Esta unidade caracterízase pola escasa presenza de actividades humanas, o que inclúe os asentamentos poboacionais. Non hai ningún núcleo de orixe tradicional na unidade e a rede viaria encáixase na xeomorfoloxía do terreo, seguindo o val desde o interior á costa.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

No territorio a rede viaria é moi débil, xa que non hai tampouco núcleos importantes nin terras agrarias que conectar. Só a vía sen asfaltar que percorre o val de Trasteiro atravesando a unidade ata chegar á costa de Reira, introduce algunha conexión co resto do territorio.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Os elementos patrimoniais son moi escasos, consecuentemente coa ausencia de asentamentos históricos importantes.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Paisaxe caracterizada polo predominio da superficie de monte baixo, sen cobertura boscosa, que se organiza ao redor dun val de pouca profundidade. A ausencia de fenómenos de colonización importantes ou de explotación intensa do solo para labores agrícolas configura unha paisaxe natural caracterizada por formacións rochosas e cobertura de matogueira.

DINÁMICA DA PAISAXE

As actividades antrópicas neste territorio sempre foron moi escasas e con pouca capacidade transformadora, constituíndo unha paisaxe de escaso dinamismo. Nas ribeiras do val existiu tradicionalmente certa actividade agrícola que actualmente abandonada, polo que o val do Trasteiro foi substituído por masas arbóreas fragmentadas de repoboación, mentres que se conservan en uso algunhas terras da parte sur do val.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

As escarpadas vertentes con alveolos graníticos outorgan a este enclave unha enorme singularidade en canto a expresividade plástica se refire. Outro factor a ter en conta na valoración da zona é a inclusión na ZEPVN-LIC da Costa da Morte



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Non se contemplan áreas de requalificación na presente unidade de paisaxe.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, huso 29



